

DEPUTACION PROVINCIAL

A CORUÑA

**ACTA da Sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 28 de SETEMBRO DE 2001**

ORDE DO DÍA dos asuntos que se van tratar na **SESIÓN PLENARIA ORDINARIA**, que se celebrará o vindeiro venres, día 28 de setembro do 2001, ás **DOCE HORAS**.

ASUNTOS

- 1.- Aprobación da acta anterior, nº 10/01, correspondente á sesión celebrada o día 14 de setembro de 2001.
- 2.- Toma de coñecemento das Resolucións dictadas pola Presidencia, da nº 14.500 deica a nº 15.299.
- 3.- Aprobación do proxecto reformado da obra Beirarrúas e dotación de pluviais na E.P. 5813 de Oleiros a Sada (travesía Tarabelo-Castelo) do concello de Sada, incluída no Pol adicional 1/1999, código 99.2301.0152.0.
- 4.- Aprobación da modificación de proxecto da obra Rehabilitación do muíño e presa de Alende, do concello das Pontes de García Rodríguez incluída no Plan 2000 de infraestructuras 1999, código 99.3400.1333.0.
- 5.- Aprobación da modificación do proxecto Campo de fútbol de Barreiro-Val, do concello de Cabanas, incluído na 6ª fase da anualidade 1999 do Plan 2000 deportes 1998-2001, código 99.3420.0086.0.
- 6.- Aprobación do proxecto reformado da obra Área recreativa da Torre do concello de Cabanas, incluída na 1ª fase da anualidade 2000 do Plan 2000 de protección do ambiente 1999-2000, código 00.3440.0214.0.
- 7.- Convenio coa Asociación Euroeume para financiar proxectos municipais da zona Euroeume.
- 8.- Convenio para promover unha campaña de formación e promoción rural, coa Federación Galega de Escolas de Formación Agraria.
- 9.- Convenio coa Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e o Concello de Santiago sobre dotación de equipamento básico ou parque de bombeiros de Santiago.
- 10.- Incremento de cantidade global asignada ó complemento de produtividade dos funcionarios.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS
ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

A CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 28 DE SETEMBRO DE 2001.

No salón de sesións do Pazo Provincial da Coruña, sendo o día 28 de setembro de 2.001, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar **sesión ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JUAN BLANCO ROUCO	PP
DOÑA PILAR CANDOCIA PITA	BNG
DON JOSE MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ	PP
DON ODÓN CASIMIRO COBAS GARCÍA	PSOE
DON JOSE ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA	PP
DON ANTONIO ERÍAS REY	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DON JOSE LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON JOSE LUIS FONDO AGUIAR	PP
DON JOSE GARCÍA LIÑARES	PSOE
DON CARLOS GLEZ. GARCÉS SANTISO	PSOE
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON CARLOS LÓPEZ CRESPO	PP
DON ANGEL LÓPEZ SUEIRO	PSOE
DON MANUEL MIRAS FRANQUEIRA	PSOE
DON MANUEL MOSCOSO LÓPEZ	PP
DON JOSÉ MOSQUERA MACEIRAS	PP
DON FÉLIX PORTO SERANTES	PSOE
DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ	PSOE
DON FRANCISCO JAVIER QUIÑOY TABOADA	PSOE

DON AUGUSTO REY MORENO	PSOE
DON MANUEL RODRÍGUEZ DOVAL	BNG
DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	PP
DOÑA ANA ISABEL SANTIAGO LÓPEZ	BNG
DON JOSÉ TOJA PARAJÓ	PP
DON MANUEL VARELA REY	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON JESUS VILLAMOR CALVO	PP

Non asiste o Sr. Campo Fernández.

Actúa como secretario, don José Luis Almu Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don Jesús Loscos Puig.

Aberto o acto ás doce horas e cinco minutos, o Sr. secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, en relación ós cales, por unanimidade, agás nos casos nos que se indique, adoptáronse os acordos seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR, Nº 10/01, CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA O DÍA 14 DE SETEMBRO DE 2001.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 10/01, correspondente á celebrada o día 14 de setembro de 2001.

(Entra no salón o Sr. Blanco Rouco).

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 14.500 DEICA A Nº 15.299.

A Corporación toma coñecemento das resolucións dictadas pola Presidencia, da nº 14.500 deica a nº 15.299.

3.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA BEIRARRÚAS E DOTACIÓN DE PLUVIAIS NA E.P. 5813 DE OLEIROS A SADA (TRAVESÍA TARABELO-CASTELO) DO CONCELLO DE SADA, INCLUÍDA NO POL ADICIONAL 1/1999, CÓDIGO 99.2301.0152.0.

(Entra no salón o Sr. López Crespo).

INTERVENCIONS

Sr. Rodríguez Doval

Para adiantar que o noso voto, nos puntos 3, 4, 5 e 6, por ser modificados sen aumento de consignación económica, imos votar favorablemente.

Sr. Fernández Moreda

Para anunciar o voto favorable tamén ós puntos 3, 4, 5 e 6.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra Beirarrúas e dotación de pluviais na E.P. 5813 de Oleiros a Sada (Tr. Tarabelo-Castelo), Concello de Sada, código 99.2301.0152.0, incluída no Programa operativo local adicional 1/99, que non supón incremento de orzamento sobre o proxecto inicial e ascende á cantidade de 39.577.731.- ptas. de orzamento de contrata.”

4.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DE PROXECTO DA OBRA REHABILITACIÓN DO MUÍÑO E PRESA DE ALENDE, DO CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ INCLUÍDA NO PLAN 2000 DE INFRAESTRUCTURAS 1999, CÓDIGO 99.3400.1333.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vista a solicitude formulada polo Concello das Pontes de García Rodríguez relativa á aprobación da modificación do proxecto da obra que máis abaixo se indica incluída no Plan 2000 de infraestructuras, anualidade 1999, 8ª fase que foi aprobada o día 23 de abril de 1999 e da que a contratación lle corresponde ó Concello das Pontes de García Rodríguez.

Aprobar a modificación do proxecto para executar a obra que a seguir se relaciona, que non supón variación ningunha nin no obxecto nin no financiamento da obra nin do Plan 2000 de infraestructuras no seu conxunto.

Código

Concello

Denominación

Orzamento

99.340.013.330	As Pontes	Rehabilitación do muíño na presa Alende	6.176.317
----------------	-----------	---	-----------

5.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO CAMPO DE FÚTBOL DE BARREIRO-VAL, DO CONCELLO DE CABANAS, INCLUÍDO NA 6ª FASE DA ANUALIDADE 1999 DO PLAN 2000 DEPORTES 1998-2001, CÓDIGO 99.3420.0086.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar o proxecto modificado da obra Campo de fútbol en Barreiro-Val pl., do concello de Cabanas, incluída na 6ª fase da anualidade 1999 do Plan 2000 deportes 1998-2001 (99.3420.0086.0) aprobada polo Pleno da deputación na sesión celebrada o 29.10.99, dado que a modificación non supón variación no orzamento da obra, nin do plan no seu conxunto.

Con isto, o financiamento definitivo desta modificación do proxecto queda como segue:

Obra: 99.3420.0086.0	Anualidade 1999	Anualidade 2000	Total ámbalas anualidades
Deputación	38.330.000	36.372.148	74.702.148
Concellos fondos propios	11.970.000		11.970.000
Total	50.300.000	36.372.148	86.672.148

2º.-Someter este expediente a exposición pública polo prazo de 10 días mediante a publicación dun anuncio no BOP co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen oportunas, así como remitilo polo mesmo prazo para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local.

No caso de non presentárense alegacións ou reclamacións a este expediente, entenderase definitivamente aprobado.”

6.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA ÁREA RECREATIVA DA TORRE DO CONCELLO DE CABANAS, INCLUIDA NA 1ª FASE DA ANUALIDADE 2000 DO PLAN 2000 DE PROTECCIÓN DO AMBIENTE 1999-2000, CÓDIGO 00.3440.0214.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra denominada Área recreativa na Torre, código 00.3440.0214.0, do Concello de Cabanas, da que a contratación lle corresponde ó concello, que foi incluída na 1ª fase da anualidade 2000 do Plan 2000 de protección do ambiente

1999-2000, aprobada polo Pleno da deputación na sesión celebrada o 30.06.00, dado que a modificación non supón variación, nin no obxecto, nin na finalidade, nin no orzamento da obra nin do plan no seu conxunto.”

7.- CONVENIO COA ASOCIACIÓN EUROEUME PARA FINANCIAR PROXECTOS MUNICIPAIS DA ZONA EUROEUME

INTERVENCIONS

Sr. Rodríguez Doval

Imos unir para efectos do noso posicionamento os dous puntos, o nº 7 e o nº 8, porque ben é certo que se trata de dúas entidades diferentes, pero en todo caso o que subxace dentro do debate, e á vista incluso da documentación que consta en cada un dos expedientes, pois é un problema de fondo común, e neste senso, tamén por certa axilidade no pleno, imos unificalo.

Primeiro, repetir, a custa de facernos pesados e pesadas, que aquí o que temos é máis do mesmo, nos debates respecto ós convenios. A min recórdame esta deputación neste comportamento fai igual cos eucaliptos: cando se producen incendios forestais crecen máis, é dicir, saen máis, a medida que hai incendios, crecen máis eucaliptos. Pois aquí estamos nunha cuestión similar co tema dos convenios. Eu creo que levamos practicamente toda a lexislatura, os dous anos longos que van desta nova lexislatura, facendo unha apelación á necesidade de que se instrumente, primeiro, tras un debate previo a fondo, do que ten que ser a política de convenio desta deputación, pero que se instrumente un sistema que permita que saibamos realmente actuar diante desas situacións que, en todo caso, e segundo se recolle na documentación que se nos presenta, sempre son situacións excepcionais, pero son situación excepcionais que se fan con asiduidade, co cal se convierten en situacións normais, non excepcionais.

A apelación ó convenio por fora, por un lado, das subvencións nominativas, que xa figura nos orzamentos da deputación, e por outro lado, por fóra tamén, da política de subvencións que ten a propia institución provincial, eu creo que o que revela é que se está utilizando o mecanismo do convenio, non precisamente, como dicía antes, como unha fórmula de excepcionalidade, senón como intento de facer normal un mecanismo onde resolvemos cousas que a través, como xa dicía antes, das subvencións nominativas ou das subvencións normais reguladas coa convocatoria que fai esta deputación, non se resoven. E iso, pensamos nosoutros que é indicativo de que se quere obviar un mecanismo que é o básico á hora de fixar a colaboración da deputación, neste caso, con entidades similares ás que poden vir aquí ou outras diferentes. ¿Que é o seguinte? Suponse que aquí aparecerán moitísimas máis entidades coas que se fixan convenios, suponse non; afirmo que seguramente a esta deputación dirixiranse centos de entidades da totalidade da provincia que lle pedirán á deputación unha fórmula de

convenio ou de axuda en cantidades que permitan facer ou realizar os proxectos que esas entidades están levando a cabo, e igual que supoño que hai centros de entidades que poden intentar esa vía de convenio, tamén vexo que son unhas poucas, contadas e concretas, as entidades que chegan aquí cun convenio determinado. Entón a primeira pregunta que haberá de facerse é: se ese sistema non está regulado, ¿cal é o criterio que ten esta casa, cal é o criterio que ten o equipo de goberno para que se establezan convenios con algúns e non con outros? E así se está facendo ademais, é dicir, non está regulado, e polo tanto aquí poderíamos sacar a primeira conclusión: non é que a opinión que poidamos emitir nosoutros no seo da deputación sexa unha opinión cerrada a que iso estea regulado, senón que é unha opinión referenciada á dúbida de por qué están unhas entidades e non están outras entidades.

E a segunda cuestión, para efectos de fixar tamén o noso posicionamento, ten que ver bastante coa anterior, eu non dubido, non dubidamos de que tanto a asociación Euroeume como a Federación Galega de Escolas de Formación Agraria, como catrocentas vintepico de entidades da nosa provincia, como mínimo, terán necesidades dunha subvención das características e da contía económica, para levar a cabo o seu traballo, similares ás que se lles dá a estas dúas entidades. Pero aquí parece que á porta chaman moitos, pero a porta non se lles abre a todos.

Entón, neste senso, nosoutros queríamos facer un chamamento, sobre todo un chamamento á racionalidade e tamén un chamamento á responsabilidade política, porque eu supoño que tódalas compañeiras e compañeiros se dan conta de que estes dous convenios que veñen hoxe aquí están apoiados, ou están complementados, en informes que din cousas que deixan un pouco en evidencia a decisión política que se pretende adoptar, e eu quero dicir que en calquera das dúas hai dous informes que son negativos á aprobación deste tipo de convenios. Pero ademais negativos en base a algo que eu creo que debería de referenciar a actuación desta casa, que son xustamente a prevalencia dos intereses públicos, dos intereses xerais, dos intereses das Administracións, por encima dos intereses privados. E eu quero tamén chamar poderosamente a atención, e desde logo non vou descubrir nada, porque había un atinado artigo que o profesor Álvarez Corbacho publicou nun medio de comunicación esta semana, que deixaba, permítaseme a expresión “co cu ó aire” a política de convenios precisamente que fai esta deputación. E a política de convenios que fai esta deputación é unha política que premia en exceso o convenio con entidades de carácter privado e que se esquece, total e absolutamente, do básico, que é precisamente o convenio e a coordinación entre as Administracións públicas. As cifras que daba o profesor Álvarez Corbacho, é que teño diante de min este artigo, eran clarificadoras, é dicir, os resultados dos convenios formalizados entre o 98 e 99, son na Deputación da Coruña 6,2 millóns de pesetas; na Deputación de Lugo 949,7 millóns; na Deputación de Ourense 1.909,3 millóns; na Deputación de Pontevedra 1.955 millóns de pesetas. Alguén, como di atinadamente o profesor, terá que preguntarse realmente cómo é que isto se está producindo, e ademais unha cousa moi importante: que se está deformando, desvirtuando total e absolutamente a impresión e a idea que nosoutros temos

sobre o que debe de ser un convenio, e que debe de atender, fundamentalmente, xa o dixemos antes, as necesidades públicas por encima das necesidades de particulares ou de entidades.

Polo tanto, neste senso, Sr. presidente, nooutros non podemos votar favorablemente a eses dous convenios, unha: por razón de fondo, que é ese debate que non se está dando e que se segue reproducindo, é dicir, que canto máis falamos aquí da necesidade do debate, menos se dá o debate e máis se consolida a situación de excepcionalidade; e en segundo lugar, claro, aquí, a verdade, se o funcionamento desta institución van ser acostumados a que tódolos informes preceptivos estean en contra e aquí darlle para adiante a todo, tamén terá que haber un momento en que teñamos que poñerlle freo a esta situación. Polo tanto, nosoutros ímonos abster neses dous asuntos, e xa digo, sen que teñamos ningún tipo de cuestión en contra en absoluto da Asociación Euroeume, non é o caso, da Federación Galega de Escolas de Formación Agraria, que en fin, sóanos, como diría o outro, moito menos, pero en calquera caso, onde entran etes poderían haber entrado seguramente moitísimos máis. Entón, nosoutros ímonos abster.

Sr. Fernández Moreda

Vou tratar de agrupar tamén na miña intervención o punto nº 7, nº 8, como fixo o Sr. Rodríguez Doval. Comparto algunhas das reflexións que se fixo tocante á proliferación de convenios indiscriminadamente, entre outras cousas porque vulneran os principios de concorrencia, publicidade, e conculca o principio de interdicción da arbitrariedade; non é unha práctica aconsellable e debe ser algo excepcional. Pero entendemos que o punto que está recollido no apartado sete da orde do día é algo excepcional, e nese senso imos votar favorablemente, e explico o voto favorable do grupo socialista: ó entrar neste pleno déusenos para o noso coñecemento unha moción da Presidencia que fai referencia á Asociación Neria, onde no primeiro punto explicativo di: “o apoio ás iniciativas de acción de desenvolvemento de proxectos no cadro de liñas de axudas da Unión Europea é unha acción prioritaria desta deputación”. Nosoutros consideramos que debe de ser unha acción prioritaria desta deputación fomentar a agrupación de municipios para poder concorrer ás subvencións da Unión Europea, e axudar financieramente a que eses proxectos aprobados poidan ser desenvolvidos polos concellos que presentaron eses proxectos. Reivindicámolo aquí moitas veces; dixemos que esa debería de ser unha forma de actuación da deputación, e en consecuencia, por coherencia, e porque consideramos que é unha forma correcta de actuar, o grupo socialista vai votar si ó punto nº 7. Ademais, é unha Asociación Euroeume que agrupa a nove concellos da provincia, que obtivo unha subvención dun programa europeo, o programa Proder, e a deputación coa súa axuda vai favorecer que ese programa sexa unha realidade. E xa se están vendo os primeiros froitos desta agrupación naquela comarca, potenciouse e desenvolveu o turismo rural, e estase fomentando con esta actuación o desenvolvemento endóxico da zona. Polo tanto, consideramos que é unha boa decisión da deputación, é algo que reclamamos e reivindicamos desde estes escanos, e nese senso, por coherencia, non nos queda máis remedio que votar que

si. Pero ademais da coherencia, está que participamos ó cen por cento deste tipo de iniciativas porque entendemos que debe de ser unha acción prioritaria da deputación, como nos di a propia Presidencia na moción que máis adiante imos discutir.

Nembargantes, non é este o noso voto no punto nº 8, que nos imos abster. Entendemos que o convenio é unha actuación excepcional, e que hai que utilizalo cando sexa conveniente, pero non debe de converterse na forma de actuación habitual da deputación porque estaríamos conculcando varios principios que son básicos, como son a publicidade, a concurrencia, e o principio de interdicción da arbitrariedade. Entendemos que a subvención, ou as actividades que son obxecto de subvención no punto nº 8 para a Federación Galega de Escolas de Formación Agraria, poden ser perfectamente atendidas dentro da convocatoria xeral de subvencións desta deputación. Polo tanto, ó seren así, son obxectos protexibles o desenvolvemento das actividades que queren financiarse con este convenio, poden subvencionarse dentro da convocatoria xeral, eu, nosoutros, cremos que é máis conveniente dicirlles: “soliciten vostedes unha subvención á deputación, ó abeiro das convocatorias públicas de axuda, en igualdade de condicións, e se reunen os requisitos, terán o apoio desta deputación, apoio que en parte, aínda que votemos que nos imos abster, en parte compartimos, porque coñecemos a actividade que están desenvolvendo, coñecemos a colaboración que hai con outras representacións agrarias, e sabemos que eles, como outros na provincia, están facendo un bo traballo. Neste senso, nosoutros seríamos partidarios de concederlle unha subvención, pero non somos partidarios de que isto se regule por un convenio, á parte un convenio que vén informado desfavorablemente por tódolos servicios desta deputación, leo un deles, que é a conclusión: “... en virtude do anteriormente exposto, infórmase desfavorablemente a proposta de formalización dun convenio de colaboración coa Federación de Escolas Familiares Agrarias de Galicia.” Polo tanto, Sr. presidente, damos por defendidos o punto nº 7 e nº 8, o noso voto vai ser afirmativo no punto 7 e de abstención no punto nº 8.

Sr. Varela Rey

Ben, para manifestar a coincidencia na análise que fai o voceiro do PSOE referente ó primeiro punto, e mostrar a disconformidade coas análises que fai o voceiro do BNG respecto ós dous puntos.

Entendemos que non hai exceso de convenios nesta deputación, en todo caso a inmensa maioría dos convenios que se promoven son con entidades de carácter público. O convenio está concebido como unha fórmula excepcional e é o que se está traendo habitualmente aquí.

Referíndonos ó primeiro caso, que é un convenio coa Asociación Euroeume, eu creo que ademais está facendo un labor magnífico nesa proposta de plan Proder, e creo que están acometendo obras de moito interese, de moito futuro, con moito senso, onde o patrimonio,

onde a natureza, están primando, e onde a través dun programa europeo, non hai máis que preguntarlle ó alcalde da Capela e deputado neste hemiciclo, que hai un momentíño tiña ocasión de falar con el e falaba con todo entusiasmo, e con toda ilusión do programa que se está promovendo alí, escoitándoo falar a el pois vese a auténtica dimensión, se a maiores afecta a nove concellos, e afecta a todo un ámbito comarcal, e afecta a un espacio sensible e a un espacio de importancia, non só para a provincia, senón que creo que para toda a comunidade galega, consideramos que o feito de chegar a un acordo para subvencionar desde esta entidade provincial, parécenos un acerto. Á parte, eu creo que temos que aproveitar para felicitar a eses concellos por esa promoción que están facendo a través dese programa, eu creo que mesmo é bo que a deputación se vincule a este tipo de programas porque é unha maneira de estar dando ese apoio, ese sostén permanente a este tipo de actuacións. No tocante ó segundo convenio, e coa federación de escolas agrarias de Galicia, eu creo que está perfectamente recoñecido o traballo acreditado, é unha acreditación permanente, hai un interese xeral, hai unha utilidade pública, hai un destino a quen vai dirixido este tipo de actividade, e sobre todo, que como obxectivo fundamental digamos que está a promoción do sector primario, dentro do sector primario o desenvolvemento da actividade dos agricultores, darlles formación, poñer, digamos, en marcha distintos programas que se están levando a cabo, eu creo que é unha maneira de incentivar e de protexer a posible despoboación do que poida ser o noso campo. Polo tanto, eu creo, que tamén desde aquí, e sen ningún tipo de dúbida, debemos felicitar a estas escolas de capacitación polo magnífico labor que veñen desenvolvendo.

Igual que antes facía referencia a un alcalde, a un concello, agora podía facer referencia a unha escola que está cerca de Carballo, que está en Coristanco, porque é a que coñezo directamente, e sei o traballo que vén desenvolvendo con distintas instalacións dentro do campo da comarca de Bergantiños, incluso do propio concello de Carballo, e o mesmo o que me traslada o alcalde de Arzúa, onde estas escolas están desenvolvendo un magnífico labor e, polo tanto, eu creo que a deputación debe estar presente, deben estar en apoio permanente de todo o que son procesos formativos, de todo o que son procesos de innovación, de todo o que é asesoramento, de todo o que é coordinación e, sobre todo, de elevar o nivel e de elevar, digamos, todo o que debe de ser o aspecto de promoción do campo dentro da nosa provincia e, polo tanto, esa é a finalidade, esa é a idea ca que este goberno promove estes convenios que pensamos que son de moito interese e que nosoutros solicitamos o apoio para os mesmos de tódolos grupos, e nos gustaría que, por unanimidade, porque entedemos que son merecedores deste apoio unánime.

Moitas grazas.

(Sae o Sr. Mirás Franqueira).

Sr. Rodríguez Doval

Primeiro quería resituarse para ver se estamos falando do mesmo, porque eu creo que aquí o voceiro do Partido Popular non está falando do mesmo có que estamos falando desde o BNG.

Desde o BNG estamos falando, non estamos enxuizando, nin estamos avaliando a capacidade ou a corrección con que dúas entidades coas que se pretende facer o convenio, están facendo o seu traballo, eu non falei para nada diso en absoluto. E teñen vostedes, e vostede en concreto como voceiro, unha tendencia a desviar os tiros do que é a responsabilidade da deputación, e a intentar deixar ós demais de malos da película, falando do malos que son os que nos piden axuda, entón é que vostede non entende nada, Sr. Varela. Nosoutros aquí non non estamos poñendo en cuestión nin a función, nin o resultado do traballo que están facendo estas dúas entidades. Por certo, que supoño que serán tan apreciábeis como o que están facendo centos de entidades na nosa provincia, ás cales non se lles fai convenio, e algunhas delas nin sequera se lles dá axuda a través do mecanismo que está regulado pola convocatoria do Boletín Oficial da Provincia. Entón, se vostede quere facer ese debate do bos que son algúns, e o menos bos que son outros, deamos ese debate, pero meta vostede, como voceiro, unha moción que diga quen son os bos da provincia e quen son os malos, pero nosoutros non estamos falando diso. Estamos falando da responsabilidade, Sr. Varela, que nos compete a nosoutros en apoiar algunhas cousas e outras non, e claro, corremos o risco de quedar en ridículo, sobre todo cando apoiamos cousas que son competencias doutros.

Mire, vólle dicir unha cousa, claro que seguramente que, efectivamente, a Federación Galega de Escolas de Formación Agraria ten moitas necesidades e está facendo un labor fabuloso, pero mire, vólle dicir unha cousa, as competencias en materia agraria tenas a Consellería de Agricultura e a Consellería de Agricultura, por exemplo, por falar de cousas que lle podo falar con certa proximidade porque as vivín esta mesma semana, a Consellería de Agricultura ten decapitados os servizos de extensión agraria, que son os que terían que facer isto, e por darlle un dato, eu estiven nunha cooperativa hai un par de días, en concreto no concello da Capela, que me informou que se tiñan que servir dunha funeraria para mandar os faxes, a través do fax da funeraria, naturalmente, para ter información oficial dos temas da Consellería de Agricultura, e que fai pouco recibiron un ordenador que non ten teclado.

Entón, se a vostedes lles preocupa tanto iso, vaíamos á raíz do tema ¿queremos establecer convenios e ir ó fondo das cousas?, a min houberame gustado moito máis que unha cooperativa con máis de douscentos e pico de socios, teña maneira de enviar un fax que non sexa a través dunha funeraria, e que poidan escribir, porque ata agora non se inventou a fórmula -páreceme, non o sei, non estou moi ó día nisto da informática-, de escribir sen teclado.

En todo caso, é malo que nosoutros esteamos, Sr. Varela, atendendo precisamente as necesidades dos demais. Pero vólle dicir outra cousa, unha Administración funciona ben se é

capaz de ir, non por diante dos acontecementos, que ás veces é difícil, pero polo menos, paralelamente ós acontecementos, e vostede acaba de dicir unha frase que dicía, é bo que axudemos a todo o mundo e é interesante, claro que si, pero non é que sexa bo, é que estamos para iso.

Entón, vostedes deberían facer unha radiografía da provincia da Coruña, e saber os fenómenos similares, eu non fai falta que lle pregunte ó alcalde da Capela, porque coñezo o caso de Euroeume, coñezoo porque ademais son visitante de cousas que xa se están facendo na Asociación Euroeume, polo tanto, seguramente o Sr. Sueiro sabe moito máis cá min, pero eu tamén vivo iso, non necesito que me convenza das bondades do que se está facendo alí, porque eu vivinas de preto, e vívoas de preto, pero hai outras realidades. ¿E vostedes saben que existe unha cousa que se chama Costa Ártabra?, por exemplo, vou ir ó ámbito onde eu me movo, Costa Ártabra que é unha entidade que se formou hai un ano e pico, e que agrupa concellos desde a zona de Ortegá á zona de Ferrol, ¿por que vostedes en lugar de esperar a que veña Costa Ártabra, e ó mellor veñen e non lle dan nada, porque non van vostedes falar de Costa Ártabra?, ¿por que non van vostedes falar con Costa Ártabra?, que é outro fenómeno que está funcionando con concellos de Cabanas, e a zona de Miño, etc., etc., ¿por que vostedes non se poñen por diante na iniciativa política e despois véñennos aquí con uns si e outros non?, porque esta casa e, desde logo, esa foi unha das conclusións que eu saquei da visita que fixemos a Bruxelas, ten, neste momento, métodos e mecanismos para coller un día e dicir, voume patear toda a provincia da Coruña, vou facer unha radiografía da realidade e vou fixar as miñas prioridades en función dese criterio, dese mapa, dese cadro que eu teño. Pero iso non é o que está facendo a Deputación da Coruña, iso non o está a facer, e asegúrolla eu, porque o sei. Entón, claro, esa xustiza, esa distribución que vostede me propón para todo o mundo, que todo o mundo o merece, claro que todo o mundo o merece, pero aquí o que chega despois son algúns que non sei se son os máis listos, os máis agudos, ou os que teñen unha sigla determinada, non o sei, pero vostede non me leve o debate por un lado que nosoutros non o levamos. Nosoutros non estamos aquí para dilucidar o traballo bo e malo, podemos miralo, non é ese o xuízo que estamos emitindo aquí, estamos mirando o carácter, a racionalidade, a equidade e a transparencia que teñen os fondos públicos que distribuímos aquí, e niso é do que vostedes nunca me falan, vostedes sempre me acaban falando de que a entidade que nos pide o diñeiro é unha entidade que funciona moi ben, ¿e que?, ¿é que o resto funciona mal?, esa política aplicada é unha política absurda. Polo tanto, eu soamente desexo que se serve de algo este debate, póñanse vostedes mans á obra, que teñen medios humanos e técnicos nesta casa para ir incluso por diante dos acontecementos, e porse á fronte, se hai esa vontade política, de axuda a este tipo de entidades que, naturalmente que están funcionando na nosa provincia, e que teñen moita necesidade de cooperación interinstitucional, non soamente da deputación, senón tamén da propia comunidade autónoma. Diso é do que estamos falando, non estamos falando doutra cousa e, polo tanto, en fin, eu creo que sobra aquí falar de bos e malos da película, e voulle dicir soamente unha pena. A pena é que tan tarde chegamos e tan detrás imos dos acontecementos que, en concreto, no caso do Euroeume, unha das actuacións que se

propón aquí xa é unha obra que está feita, é duro isto, mire se chegamos tarde, chegamos moi tarde, e incluso trapalleamos a nosa actuación porque no propio informe se di que é unha situación excepcional a do concello de San Sadurniño, porque xa é unha obra que está feita desde hai bastante tempo, entón, chegamos moi tarde e non calibramos ben a nosa actuación.

Polo tanto, eu quero que sirva isto de pequena petición para ver que se de cara ó futuro chegamos con moita máis antelación, eu desde logo non teño dúbidas de que o debate que teñamos, se é que temos un debate no vindeiro Pleno, que será despois do 21 de outubro, falaremos dos convenios, fundamentalmente dos convenios coa Administración autonómica, falaremos noutras circunstancias e con outros parámetros, e con outra filosofía, porque esperemos que cambiara a propia vontade da Comunidade autónoma sobre estes temas.

Sr. Varela Rey

Eu creo que para que alguén, ó mellor para non dar o seu voto afirmativo, ou para non posicionarse claramente, que ó mellor pode buscar calquera tipo de escusa, eu teño que lle dicir que me soa a escusa a posición do BNG, é dicir, tamén hai outra asociación que se chama non sei qué, máis esta...., pero mire, aínda que busque dúascentas mil, para o grupo do Partido Popular o convenio con Euroeume seguiría sendo exactamente igual, onde estean nove concellos da provincia, onde desenvolvan un traballo exemplar, onde haxa convenio e onde haxa unha promoción desde a propia Unión Europea, ben, pois alguén pode dicir “non, eu abstéñome, por non sei por qué”, de verdade que eu non o entendo, non o entendo. E poden buscar as comparacións que desexe, dúascentas mil, que nosoutros seguiríamos exactamente na mesma postura.

Agora, tamén pode ocorrer que calquera proxecto dentro desa liña que se presentara nesta institución, sempre haberá outro referente ¿e por que non aquel outro?, ¿e por que non aquel outro máis? Mire, hai algunhas cousas que non admiten discusión, é dicir, que son tan evidentes, que son tan claras, pola finalidade, pola participación, por quen está comprometido no tema, que parece que o apoio é unánime, o que si algúns non entendemos é como un grupo político coma o BNG non lle dá un apoio a un convenio deste tipo, de verdade resúltanos moi difícil de comprender, porque eu creo que é xustificar un pouco esa posición permanente de negativa, de que todo está mal, de que se unha obra está xa feita aquí ou alá, eu creo que ese non é obxectivo de Euroeume. Unha cooperativa non ten fax non sei onde, pois mira, ó mellor o que necesitan nesa cooperativa era unha capacitación agraria dunha escola que formando e preparando seguramente lle indicaría, tamén lles axudaría, a buscar as preferencias, é dicir, mira, na vida tamén hai que sinalar unha escala de valores e seguramente que o valor máis fundamental é tratar de rendibilizar unha explotación, e para rendibilizar unha explotación, ó mellor, o primeiro que tiña que ter era un fax. Non me veña con contos chineses de que unha cooperativa que non teña fax, entón moi mal anda a cooperativa, porque se a estas alturas non a ten é porque, ou non ten ben o seu modelo de xestión, e seguramente teríamos que apoiar,

non na medida en que o estamos a facer, teriamos que apoiar máis para que chegara tamén a este lugar, que me dá a impresión que non chegou formando aquí a este sitio.

Mire, eu creo que fundamentalmente, non temos que falar tanto do etéreo, e non temos que falar tanto do coñecido como de cousas tanxibles, de realidades permanentes e diarias. Eu creo que estas son realidades, feitos consumados, o traballo desenvolvido por institucións públicas como son os concellos, e por outro lado por unha institución privada que está desenvolvendo unha actividade moi importante e formativa. Entón, claro, direi “hai outros”, ben, tamén pode pór encima da mesa que son os outros e, polo tanto, seguramente que o apoiariamos nas mesmas condicións sempre que cumprira os mesmos requisitos, iso non lle queda a menor dúbida.

Moitas gracias.

VOTACIÓN

Votan a favor: 25 deputados (15 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 5 deputados (4 do BNG; 1 do PSOE por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presente no intre da votación -art. 74.1 do regulamento orgánico).

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Aprobar o texto do convenio que se ha subscribir entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Euroeume para financiar os proxectos do programa Proder que se relacionan a continuación.

OBRA	CONC.	ORZTO.	ACHEGA PROV.	
Restauración dos muíños de Gunxel e contorno	A Capela	13.000.000	3.605.181	27,7332
Intervención no mosteiro de Monfero	Monfero	10.500.000	2.507.715	23,8830
Restauración dos retablos e acondicionamento do exterior da igrexa de Doroña	Vilarmaior	10.458.840	2.504.019	23,9416
Área recreativa na marxe esquerda do río Somozas	As Somozas	14.300.000	3.414.840	23,8800
Proxecto de sinalización turística Euroeume	Euroeume	32.546.337	7.134.409	21,9207
Proxecto de sinalización turística Euroeume	Euroeume	9.995.945	1.855.000	18,5575
Recuperación e tratamento do camiño fluvias en marxes do río Aciteiro e camiño traxecto Seara - Pico de San Vicente	San Sadurniño	10.500.000	2.942.625	28,0250
Totais:		101.301.122	23.963.789	23,6559

2.-A achega provincial prevista no convenio ascende a un total de 23.963.789 pesetas, e poderá efectuarse consonte coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0305/446A/22699.

3.-Facultar á Presidencia para a sinatura do presente convenio.

4.-O texto íntegro do convenio é o seguinte:

REUNIDOS:

Dunha parte o Excmo. Sr. D. José Luis Torres Colomer, como presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, asistido polo secretario xeral da Corporación D. José Luis Almau Supervía.

Doutra parte

EXPOÑEN:

1.-Que a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Euroeume consideran de mútuo interese o obxectivo de financiar de maneira conxunta os proxectos que se incorporan ó presente convenio incluídos no programa Proder.

2.-Que a Deputación da Coruña ten atribuída legalmente a competencia de fomento dos intereses da provincia.

3.-Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Asociación Euroeume, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

ESTIPULACIÓNS:

PRIMEIRA.-OBXECTO:

A Asociación Euroeume aprobou o programa Proder no que se encontran incorporados entre outros os seguintes proxectos

OBRA	CONC.	ORZTO.	ACHEGA PROV.	
Restauración dos muíños de Gunxel e contorno	A Capela	13.000.000	3.605.181	27,7332
Intervención no mosteiro de Monfero	Monfero	10.500.000	2.507.715	23,8830
Restauración dos retablos e acondicionamento do exterior da igrexa de Doroña	Vilarmaior	10.458.840	2.504.019	23,9416
Área recreativa na marxe esquerda do río Somozas	As Somozas	14.300.000	3.414.840	23,8800
Proxecto de sinalización turística Euroeume	Euroeume	32.546.337	7.134.409	21,9207
Proxecto de sinalización turística Euroeume	Euroeume	9.995.945	1.855.000	18,5575
Recuperación e tratamento do camiño fluvias en				

marxes do río Aciteiro e camiño traxecto Seara - Pico de San Vicente	San Sadurniño	10.500.000	2.942.625	28,0250
	Totais:	101.301.122	23.963.789	23,6559

SEGUNDA: FINANCIAMENTO.

A Deputación da Coruña financiará os proxectos relacionados no presente convenio cunha achega de _____, co obxectivo de cubrir parcialmente o custo derivado da execución destes. As porcentaxes que para cada un deles supón a achega provincial figuran incorporados no cadro incorporado na cláusula anterior.

TERCEIRA: PAGAMENTO.

A achega provincial librarase en pagamentos proporcionais ás cantidades xustificadas e trala acreditación previa dos gastos efectivamente realizados mediante a presentación das correspondentes certificacións de obra. O importe que se ha librar será o porcentual que para cada obra aparece reflectida na cláusula segunda respecto do total xustificado. No suposto de non xustificar a totalidade do gasto establecido minorarase a achega da deputación mediante a aplicación do coeficiente de financiamento ó importe realmente xustificado. No caso de que os gastos xustificadas foran superiores ó orzamento da actividade, a achega da deputación non superará a cantidade máxima da establecida na cláusula segunda para cada obra. En todo caso a achega provincial limitarase ós gastos efectivamente xustificadas antes do 30 de setembro de 2002.

A achega provincial poderá ser compatible con outras achegas públicas ou privadas para idéntica finalidade. En todo caso deberanse achegar declaracións expresas das achegas públicas ou privadas obtidas para o mesmo fin, sen que en ningún caso o importe total das achegas concorrentes superen o custo da actividade realmente xustificada.

A Deputación da Coruña financiará os proxectos relacionados cunha achega de 23.963.789 de pesetas co obxectivo de cubrir o do custo da execución dos ditos proxectos.

CUARTA.-INFORMACIÓN

A Asociación Euroeume informará semestralmente á Excm. Deputación Provincial da Coruña sobre o estado detallado da execución dos proxectos incorporados no presente convenio. Para tal efecto remitiranse listaxes comprensivas das obras contratadas e executadas no citado período de seis meses.

QUINTA.-NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puideran surxir en relación con el será competencia da xurisdicción contencioso-administrativa. Para a resolución das dúbidas ou lagoas que pudieran surxir na súa interpretación estarase ó disposto na Lei 13/95 do 18 de maio de contratos das Administracións públicas.

SEXTA.- COMISIÓN MIXTA.

Co fin de coordinar as actuacións que se derivan o presente convenio establecerá unha Comisión Mixta que estará composta por dous representantes de cada entidade nomeadas polo presidente da Corporación.

SÉTIMA.- VIXENCIA

O presente convenio finalizará a súa vixencia co cumprimento do obxecto establecido nel, e, en todo caso o día 30 de novembro de 2002.

En proba de conformidade as dúas partes co contido íntegro do convenio asínano en exemplar cuadruplicado no lugar e data indicados no seu encabezamento.

Lido por ámbalas partes, e en proba de conformidade, asínano e outorgan en exemplar triplicado, na cidade e data arriba indicadas.”

8.- CONVENIO PARA PROMOVER UNHA CAMPAÑA DE FORMACIÓN E PROMOCIÓN RURAL, COA FEDERACIÓN GALEGA DE ESCOLAS DE FORMACIÓN AGRARIA.

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados (PP)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 14 deputados (10 do PSOE e 4 do BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Aprobar o texto do convenio que se ha subscribir entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a Federación de Escolas Familiares Agrarias de Galicia para financiar a elaboración do proxecto de formación e promoción rural do ano 2.001.

2.-A achega provincial establecida no convenio ascende a un total de 6.000.000 de pesetas.

A achega poderá efectuarse de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0305/711.E/48999 do vixente orzamento da corporación.

3.-Facultar á Presidencia para a sinatura do presente convenio.

4.-O texto íntegro do convenio é o seguinte:

A Coruña, de de dous mil un.

REUNIDOS:

Dunha parte o Excmo. Sr. D. José Luis Torres Colomer, como presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, asistido polo secretario xeral da Corporación, don José Luis Almau Supervía.

Doutra parte, D. , en representación da Federación de Escolas Familiares Agrarias de Galicia.

EXPOÑEN:

1.-Que a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Federación de Escolas Familiares Agrarias de Galicia consideran de gran interese para a provincia da Coruña o obxectivo de vitalizar e impulsar tódolos aspectos relacionados coa dinamización do medio rural e co desenvolvemento de actuacións de formación e capacitación destinadas ós habitantes do medio rural.

2.-Que a Deputación da Coruña é receptiva a todo aquilo que signifique estudo, información e divulgación sobre a conservación do medio natural.

3.-Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Federación de Escolas Familiares Agrarias de Galicia as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

ESTIPULACIÓNS:

Primeira.-Obxecto:

O programa de formación e promoción do medio rural, desenvólvese na provincia da Coruña, e ten por obxecto o fomento da educación e a formación dos diferentes sectores da sociedade, no mundo rural.

Segunda.-Obrigas:

A Federación de Escolas Familiares Agrarias de Galicia promoverá, en cumprimento do convenio tres medidas encamiñadas a conseguir o obxectivo básico deste. Esas medidas, e o orzamento detallado destas son os seguintes:

-Semana de desenvolvemento rural (Coristanco e Arzúa)	5.400.000.- ptas.
-Grupos de estudos e desenvolvemento agrario (Coristanco, Carballo, Tordoia, Dumbría, Mazaricos, Cabana de Bergantiños, Negreira)	3.450.000.- ptas.
-Programa de cooperación empresarial (rede de Pymes rurais)	3.450.000.- ptas.
Total de programas	12.300.000.- ptas.

O contido detallado dos programas é o que figura nos documentos anexos ó presente convenio, nos que se especifican a localización e custos de cada un deles.

Terceira.-Forma de pagamento:

A achega provincial librarase en pagamentos proporcionais ás cantidades xustificadas e trala acreditación previa dos gastos efectivamente realizados conforme á seguinte documentación: facturas xustificativas dos gastos efectivamente realizados de acordo co criterio establecido na cláusula quinta.

O importe que se ha librar será o do 48,78049% do total xustificado ó que ascende o coeficiente de financiamento provincial. No suposto de non xustificar a totalidade do gasto previsto minorarase a achega da deputación mediante a aplicación do coeficiente de financiamento ó importe realmente xustificado. No caso de que os gastos xustificadas foran superiores ó orzamento da actividade, a achega da deputación non superará a cantidade máxima de 6.000.000.- de ptas. En todo caso a achega provincial limitarase ós gastos efectivamente xustificadas antes do 15 de decembro de 2.002.

A achega provincial citada representa un 48,78048% do orzamento total da actividade.

A dita achega provincial poderá ser compatible con outras achegas públicas ou privados obtidas para o mesmo fin, sen que en ningún caso o importe total das achegas concorrentes superen o custo da actividade realmente xustificada.

Cuarta.-Obrigas formais

A Federación de Escolas Familiares Agrarias de Galicia deberá achegar a seguinte documentación xustificativa dos ingresos e gastos en que se incorreu para realizar o obxecto do convenio.

-Memoria das actividades desenvolvidas que acrediten o cumprimento dos fins e desenvolvemento das accións obxecto do convenio.

-Declaración da totalidade das subvencións públicas ou privadas obtidas para a mesma finalidade.

-Xustificación documental dos gastos que acredite, a realización das actividades que constitúen o obxecto do convenio; mediante certificación detallada de tódolos gastos directamente relacionados coas actividades, os seus importes e o período a que se refiren ou factores (bases 51.1a a) de execución do orzamento provincial).

Quinta.-Natureza xurídica

O presente convenio ten natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puideran surxir en relación con este será competencia da xurisdicción contencioso administrativa. Para a resolución das dúbidas ou lagoas que puideran surxir na súa interpretación estarase ó disposto na Lei 13/95, do 18 de maio, de contratos das Administracións públicas.

Sexta.-Comisión Mixta

Co fin de coordinar as actuacións que se derivan do presente convenio establecerase unha Comisión Mixta que estará composta por dous representantes de cada entidade nomeados polo presidente da Corporación.

Sétima.- Vixencia

O presente convenio finalizará a súa vixencia co cumprimento do obxecto establecido nel, e, en todo caso o día 30 de novembro de 2002.

En proba de conformidade as dúas partes co contido íntegro do convenio asínano en exemplar cuadruplicado no lugar e data indicados no seu encabezamento.

Oitava.-Natureza e lexislación competente

O presente convenio ten natureza administrativa e as resolucións ou acordos que se adopten poñerán fin á vía administrativa e por tanto, contra elas só cabe recurso ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

Correspóndelle ó Pleno da Corporación a interpretación, modificación e resolución do presente convenio, oída a Comisión Mixta.

Para resolver as dúbidas ou lagoas que surxan na interpretación do presente convenio, aplicaranse supletoriamente a Lei 13/95 de contratos da Administracións públicas.”

9.- CONVENIO COA CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS E O CONCELLO DE SANTIAGO SOBRE DOTACIÓN DE EQUIPAMENTO BÁSICO OU PARQUE DE BOMBEIROS DE SANTIAGO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1º.-Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Xunta de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela para dotar do equipamento básico do novo parque de bombeiros de Santiago.”

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, SOBRE A DOTACIÓN DO EQUIPAMENTO BÁSICO DO PARQUE COMARCAL DE BOMBEIROS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Santiago de Compostela, de setembro de dous mil un.

REUNIDOS

O Excmo. Sr. D. Antonio Pillado Montero, Conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Xunta de Galicia.

O Excmo. Sr. D. José Luis Torres Colomer, Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

E o Excmo Sr. D. José Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Santiago de Compostela.

EXPOÑEN

1.-Que as partes recoñécense plena capacidade para levar a cabo o presente convenio.

2.-Que a Lei galega 2/1985 de protección civil, na súa exposición de motivos, manifesta que a protección civil constitúe a afirmación dunha ampla política de seguridade que encontra o seu primeiro fundamento no artigo 15 da Constitución española, que obriga ós poderes públicos a garanti-lo dereito á vida e a integración física como primeiro e máis importante de tódolos dereitos fundamentais.

Dende esa perspectiva, a protección civil ten que considerarse como un servizo público organizado de forma coordinada polas distintas Administracións que xestionan competencias nesa materia.

O Decreto 161/2000, do 29 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, encoméndalle á Dirección Xeral de Administración local a planificación e coordinación dos plans e programas dos servizos contraincendios e salvamento local, sen prexuízo das competencias que lles correspondan á Dirección Xeral de Interior e Protección Civil no relativo á función operativa da protección civil, así como das atribuídas por lei ás Administracións locais.

A normativa aplicable en materia de réxime local atribúe ás Deputacións a competencia de cooperación cos concellos, asegurando a prestación integral e axeitada dos servizos de competencia municipal, entre eles a cooperación mútua, e coa Xunta de Galicia, en materia de programación, posta en marcha e sostemento dos parques de bombeiros, nos seus respectivos ámbitos territoriais de actuación.

Corresponde, igualmente ós Concellos, desenvolver todas aquelas actividades que contribúan e redunden na satisfacción dos intereses da comunidade veciñal.

3. Que a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, a Deputación da Coruña, e os concellos de Santiago de Compostela, Ames, Boqueixón, Brión, Padrón, Rois, Teo, Val do Dubra e Vedra aprobaron un convenio marco de colaboración para a conversión en parque comarcal de bombeiros con extensión do seu ámbito de actuación a tódolos Concellos relacionados, do Parque de Bombeiros de Santiago de Compostela.

Este convenio marco requiría, á súa vez, convenios de desenvolvemento para a súa execución, tanto no referido a dotación de equipamento, como para construción da sede do Parque e dotación de medios humanos.

Por todo isto e co fin de establece-las condicións de colaboración necesaria e acada-lo fin proposto, a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, a Deputación Provincial da

Coruña, e o Concello de Santiago acordan subscribi-lo presente convenio de execución segundo as seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O presente convenio ten por obxecto o desenvolvemento do convenio-marco de colaboración entre a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, a Deputación Provincial da Coruña, e os concellos de Santiago de Compostela, Ames, Boqueixón, Brión, Padrón, Teo, Val do Dubra e Vedra, no referente á adquisición do equipamento básico previsto na cláusula segunda do referido convenio.

Asímesmo, e en virtude do presente convenio, o Parque de Bombeiros formará parte, como Centro Asociado, do Servicio 112 de Emerxencias, e así se deberá facer constar na rotulación dos vehículos que se adquiran.

SEGUNDA.-RENOVACIÓN DO EQUIPAMENTO DO PARQUE.

As tres Administracións acordan a renovación do equipamento do Parque de Bombeiros.

Esta renovación concrétese na adquisición dos seguintes equipos con carácter inmediato, despois dos acordos corporativos necesarios.

Equipos:

Un auto-escala automático con cisterna e bomba

Un auto-bomba primeira saída para rescate en accidentes

Un auto-bomba nodriza

Valoración total dos equipos 132.000.000.- ptas.

A adquisición realizaraa a Deputación Provincial e financiarase polas tres Administracións. O custo total de dita adquisición será financiado polas tres Administracións nas seguintes porcentaxes:

Deputación Provincial	40%
Xunta de Galicia	40%
Concello de Santiago	20%

A licitación realizaraa a Deputación polo sistema de concurso despois da acreditación do compromiso financeiro contraído polas demais Administracións, e de acordo coa normativa legal aplicable.

En tódalas fases da licitación, así como nos materiais entregados deberá facerse constar que estas actuacións son cofinanciadas con fondos FEDER, tal e como se recolle na normativa legal que regula os devanditos fondos.

As características técnicas detalladas do material expresado fixaraas unha comisión técnica integrada polo xefe do Parque de Bombeiros de Santiago, o enxeñeiro industrial, xefe de servizo de mantemento da Deputación e un técnico nomeado pola Dirección Xeral de Administración Local.

TERCEIRA.-FINANCIAMENTO.

As achegas das distintas Administracións para a adquisición destes equipos serán as seguintes, como máximo:

Xunta de Galicia	52.800.000 ptas.
Deputación da Coruña.....	52.800.000 ptas.
Concello de Santiago.....	26.400.000 ptas.

A achega da Xunta de Galicia farase con cargo á partida orzamentaria 13.05.760.1, Programa 811B. dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2001.

A achega da Deputación da Coruña farase con cargo á partida 0305/223.A/662.99 dos orzamentos xerais da Deputación da Coruña para o ano 2001.

A achega do Concello de Santiago de Compostela farase con cargo á partida orzamentaria dos orzamentos xerais do Concello de Santiago para o ano 2001.

A Consellería e o Concello remitiranlle á Deputación os documentos xustificativos da retribución de crédito correspondente ás achegas ás que quedan obrigadas en virtude do presente convenio.

As achegas das tres Administracións deberán facerse efectivas, en todo caso, dentro do prazo sinalado no prego de condicións para efectuar o pago ó adxudicatario, unha vez efectuada a recepción da subministración.

A Xunta e o Concello deberán ingresar as súas achegas na conta da Deputación, dentro do prazo sinalado no parágrafo anterior, e despois da remisión, por parte da Deputación, da acta de recepción da subministración e a correspondente factura.

Caso de producirse xuros de mora, deberán ser asumidos, na proporción que lle corresponda, pola Administración que os tivera provocado, séndolles repercutidas as cantidades correspondentes pola Deputación se as causantes foran algunha das outras dúas Administracións asinantes do presente Convenio.

No suposto de non producirse o gasto pola totalidade das cantidades máximas previstas no presente convenio, procederase á minoración das achegas de acordo ás porcentaxes sinaladas na cláusula segunda.

CUARTA.-SERVICIO DO PARQUE.

Unha vez se proceda á recepción do material relacionado na cláusula segunda, o Parque de Bombeiros de Santiago deberá escomenzar a presta-lo seu servicio nos Concellos de Ames, Boqueixón, Brión, Padrón, Rois, Teo, Val do Dubra e Vedra, nas mesmas condicións nas que o veña prestando no propio Concello de Santiago de Compostela.

QUINTA.- CARÁCTER DO PARQUE

En virtude do convenio marco asinado no seu día, e dos convenios de desenvolvemento que do mesmo se derivan, o Parque de Bombeiros de Santiago de Compostela terá o carácter de Parque Comarcal de Incendios con extensión a tódolos Concellos asinantes, sen prexuízo das potestades en canto á organización e funcionamento interno do Parque, que seguirán correspondendo, con carácter pleno, ó Concello de Santiago de Compostela.

SEXTA.- COMISIÓN DE COORDINACIÓN.

Para supervisa-la prestación do servicio prevista no presente convenio constituirase unha Comisión de Coordinación integrada por dous representantes da Consellería de Xustiza; dous da Deputación Provincial; dous do Concello de Santiago e dous en representación dos demais Concellos asinantes deste acordo, designados por votación maioritaria entre os seus alcaldes.

Esta Comisión reunirse ó menos unha vez ó trimestre para coñecer e avalia-la prestación do servicio no seu ámbito comarcal e para adopta-las medidas que se estimen necesarias para a mellor efectividade do servicio.

Corresponde especialmente á Comisión de coordinación garantir, con competencia plena que a prestación do servicio se efectúe sen ningunha diferenciación en canto á súa calidade, celeridade e emprego dos medios que resultaran necesarios en cada actuación, calquera que sexa o Concello onde esta actuación se produza.

SÉTIMA.- INCUMPRIMENTO

O incumprimento das obrigas derivadas do presente convenio dará lugar á resolución deste e no seu caso, a devolución das cantidades percibidas, xunto cos xuros de mora correspondentes se fora o caso.

No suposto de que o Concello de Santiago de Compostela incumprise os compromisos asumidos, deberá devolver ó resto das Administracións financiadoras unha cantidade equivalente ó valor venal dos vehículos ós que se refire o presente convenio, calculado con referencia ó momento en que este incumprimento resulte, efectivamente, determinado, e detraendo a cantidade correspondente á achega do propio Concello de Santiago de Compostela.

OITAVA.-NATUREZA XURÍDICA.

O presente convenio ten natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puideran xurdir en relación con el serán competencia da xurisdicción contencioso-administrativa. Para a resolución das dúbidas ou lagoas existentes estarase ó disposto na Lei 13/1995, do 18 de maio, de contratos das Administracións públicas, no Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos das Administracións públicas, e demais lexislación de aplicación xeral.

2º)A aprobación do presente convenio queda condicionada á acreditación da sinatura previa do convenio marco de construción e equipamento do parque de bombeiros de Santiago de Compostela do que aquel trae causa.

3º)Facultar á Presidencia para canto resulte procedente en orde ó correcto desenvolvemento do acordo.

10.- INCREMENTO DE CANTIDADE GLOBAL ASIGNADA Ó COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DOS FUNCIONARIOS.

INTERVENCIONS

Sra. Vázquez Veras

Gracias, Sr. presidente, para anunciar o voto negativo do grupo provincial do BNG ó incremento que se fai da cantidade asignada ó complemento de productividade de funcionarios, porque para nosoutros, este tipo de incremento, o que vén a evidenciar é a falta de política de persoal que está levando a deputación, polo menos, desde que eu tomei posesión da miña acta de deputada, xa hai dous longos anos.

Tendo en conta o que se refire ó complemento de produtividade de carácter adicional, que vai en primeiro lugar a fixar unha cantidade fixa para persoas que, pretendidamente, cumpren determinados obxectivos, e despois o que van pagar son as horas extras que se fan a maiores das 80 mensuais legalmente permitidas, o cal para nosoutros vén a evidenciar dúas cousas: en primeiro lugar, o exceso de horas extras, que significa que existe un problema, que son horas estruturais, que existe un problema de falta de persoal que, en todo caso, teríase que abordar incrementando o cadro de persoal da deputación, e en segundo lugar a asignación de cantidades de produtividade adicional a determinados funcionarios que, en todo caso, o único que fai é afondar na discriminación que para nosoutros existe en primar determinados funcionarios ou funcionarias en detrimento doutras, cando teoricamente o que se tería que facer, que foi unha promesa do presidente da Comisión de Persoal, a través do Plan de modernización e de racionalización dos sistemas desta Deputación provincial, que en todo caso englobaba tamén o que podía ser unha especie de varrido de cál era a situación do persoal desta casa, teríase que fundamentar en mirar se existe unha real catalogación de postos de traballo, senón teríase que facer un reaxuste de niveis ou de complemento de destino, pero non para nosoutros, en todo caso, tratar de primar unhas persoas cun carácter discriminatorio, con respecto a outras.

Nosoutros xa no ano 98 presentamos como grupo provincial unha moción onde se falaba destes temas, e vendéusenos o Plan de modernización co final, unha vez que terminaron os prazos para a actuación da asesoría técnica externa que se contratou, non temos coñecemento de cales foron os resultados, e non aparecen por ningures e, polo tanto, nosoutros entendemos que en vez de seguir incrementando a cantidade asignada ó complemento de produtividade, en todo caso teríase que estar facendo o traballo doutra maneira, porque queiramos ou non, é un sistema que non se fixan criterios obxectivos, que ten unha parte subxectiva moi grande, que crea un malestar fundamental nos funcionarios e funcionarias que non reciben esa produtividade, e polo tanto, para nosoutros é unha política de persoal que non estaríamos dispostos a apoiar.

Polo tanto, aínda sabendo que é única e exclusivamente un incremento que en todo caso, nunha parte está pagando traballos feitos, pero non nos sentimos copartícipes de cómo se está levando a política de persoal dentro da deputación e, polo tanto, imos votar en contra.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Eu en relación coas manifestacións expostas pola Sra. deputada do BNG, quero dicir que a proposta que se somete á aprobación desta Corporación, é unha proposta axustada escrupulosamente á legalidade administrativa actual, representa en definitiva un concepto orzamentario que ten por obxecto precisamente determinar a produtividade adicional, entendendo por tal produtividade, maior dedicación, sexa en tempo, sexa en actividade, ou

sexa en resultados, que determinadas persoas que están ó servicio da Administración teñen que realizar por unha serie de circunstancias, sen que isto implique unha discriminación co resto do persoal, que se fai consonte coas propostas formuladas polos servicios correspondentes e que, polo tanto, é absolutamente legal, correcta e axustada á normativa.

Si é certo que desde o goberno provincial, e eu como responsable da área de persoal, estamos traballando e seguimos traballando, esperamos terminalo dentro desta lexislatura, na introducción da dirección por obxectivos e da valoración ó rendemento para todo o persoal da deputación. Neste senso quero lembrar que hai un Pleno, no Pleno do mes anterior, aprobamos un convenio da Consellería da Presidencia para que o sistema de valoración ó rendemento e dirección por obxectivos da Xunta de Galicia, poidanos asesorar técnicamente para a implantación na Deputación provincial.

(Sae o Sr. Quiñoy Taboada).

Actuacións deste tipo requiren tempo, non son actuacións que se poidan desenvolver en cinco minutos, senón que implican unha revisión global de todo a estrutura da casa, dos obxectivos e actuacións.

O desiderato, o que nosoutros queremos conseguir para a deputación é efectivamente que cada unidade administrativa teña os seus obxectivos previamente prefixados, que eses obxectivos señan consensuados e que se poida avanzar en produtividade dentro dun marco establecido e concreto, e que ese avance de produtividade determine que unhas unidades poidan ter unha retribución maior ca outras en función do maior esforzo que poidan realizar, e que iso se poida medir con carácter global a través dun sistema, niso estamos traballando. Entre tanto, temos que seguir co sistema tradicional da deputación que se está respectando escrupulosamente toda a normativa legal e os criterios obxectivos que dentro da valoración actual determinan todo isto. Polo tanto, mantemos, como é natural, a proposta.

Sra. Vázquez Veras

Eu, efectivamente, non vou cuestionar, nin cuestionei, penso, na miña intervención, o que é a legalidade ou non legalidade do acordo plenario que imos tomar neste momento, efectivamente, pero en todo caso tamén hai temas de carácter legal que se podían estar aplicando e que non se están aplicando, quero dicir, efectivamente, cando a Comisión de Persoal e o grupo de goberno está optando por unha opción, e é a de pagar determinados servicios que, efectivamente, poden ser singulares, complementarios ou extraordinarios, a través da paga de produtividade, e nalgún caso na paga de produtividade adicional. Eu penso que hai figuras dentro das posibilidades que poden barallar a Comisión de Persoal e o equipo de goberno, que poderían perfectamente solucionar este tema e, que en todo caso, eu penso que sempre sería dunha maneira moito máis obxectiva e en base ó traballo real que están

facendo os funcionarios e funcionarias da casa. Entón, neste senso eu penso que, se en todo caso, detectouse e quérese traballar, eu o que pasa é que lle diría ó Sr. Rodríguez, efectivamente, eu sei que é un tema, por traballo que fixen na miña actividade profesional, que diso algo sei, pois efectivamente, non se pode terminar no prazo dun mes ou dous, agora, estamos xa pasados os dous anos de mandato da Corporación, quero dicir, ou se lle mete un pouco o pé ó acelerador, ou corremos o risco, efectivamente, que temas que veñen de vello, quero dicir, se se collen os arquivos, desde o ano 96 que hai un acordo negociado, hai unha serie de temas que quedan pendentes, eu xa me remitín a unha moción do BNG no ano 98, onde exactamente se estaba no mesmo punto, e podemos chegar ó ano 2003 con outra Corporación, que será parte dos que estamos aquí e parte que non, que evidentemente tería que herdar de novo o que é un tema de persoal pendente. Entón, neste senso, é polo que vai a nosa crítica evidentemente.

Aí hai que facer unha recatalogación de postos de traballo. Está, efectivamente, aberta unha vía de negociacións coa Xunta de Persoal para cubrir determinados postos de carácter eventual, ou de asistencia técnica, ou imaxino que tamén que xeran horas extras estruturais que haberá que converter en novos empregados desta casa, pero síntoo moito, para min isto segue con retraso, e o que non ten senso é que se se quere traballar con esa liña, en todo caso, dentro dos nove millóns de pesetas de aumento que se dá, veñan novos casos de produtividade adicional, quero dicir que se se ten esa intención, o lóxico era conxelar este tipo de medidas e ir traballando por outras que eu penso que están abertas coa negociación que se está realizando coa Xunta de Persoal.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Moi brevemente, simplemente reiterar os argumentos anteriores, sinalar que a conxelación é a que pode dar lugar a inxusticias, porque as situacións que se produzan téñense que contemplar, e polo tanto non se trata de conxelar, porque non hai inxusticias previas, senón un sistema, e terceiro, que o propósito do goberno provincial, e a miña responsabilidade directa de lle facilitar ó goberno esta decisión, e para toda a Corporación, que o novo sistema estea implantado cando termine esta lexislatura. E, polo tanto, creo que é un avance moi importante e creo que disto tamén sei algo eu, e sei o que representa. É un proceso moi complexo, moi forte, moi difícil e que require tempo, e estase combinando todo isto co programa de reforma administrativa no referente á informatización integral de tódolos servicios, e creo que non hai retrasos, senón unha actuación persistente, constante, continua, desta Corporación, para lograr resultados moi importantes nesta lexislatura.

Sr. Fernández Moreda

Non tiñamos pensado intervir neste punto, pero é que eu creo que se está distorsionando todo. É dicir, aquí estamos discutindo se imos a aprobar un incremento na

cantidade global asignada ó complemento de produtividade dos funcionarios por un importe de 9.500.000.- pesetas. Agora, se se empeza a discutir sobre a política de persoal e ábreanse debates sobre iso, nosoutros fixamos a nosa posición tamén, porque algo temos que dicir. Pero se en cada pleno que se faga, en cada punto que se faga, sácanse as cousas, distorsiónanse as cousas e introdúcense debates novos e non hai ninguén que o corte, pois posicionámonos tamén. ¿Punto nº 10? Imos votar que si; ¿por que? Ben, pois son necesidades do servizo; facémolo en tódolos concellos. Supoño que hai unha Xunta de Persoal e que velará por que esta produtividade se lle dea a aquelas persoas que merezan a produtividade, e se se distribúe arbitrariamente, hai unha xunta de persoal que vai controlar; hai unha Comisión de Persoal nesta deputación; e hai un Pleno para discutilo.

Agora, ¿se se abre política de persoal?, ben, eu estiven reunido hoxe cun colectivo da deputación, que formula unhas cuestións que entendo que son xustas. Pero non formulei eses temas aquí, porque entendo que forma parte dunha negociación que están a facer co equipo de goberno, nosoutros opinaremos o que teñamos que opinar, e no momento en que se produzan os acordos, diremos o que teñamos que dicir. Pero neste senso síntome obrigado a intervir porque non estamos falando do que estamos falando na orde do día: dos incrementos.

(Sae o Sr. Mosquera Maceiras).

Polo tanto, votamos que si. Se un día hai un debate sobre a política de persoal, diremos o que opinamos, e desde logo, sei que se está negociando cuns colectivos, hoxe recibiuos creo que o Bloque Nacionalista Galego e o grupo socialista recibiuos; formularon as súas reivindicacións, parece ser que, ben, que se subiron niveis ó longo dos anos, outros conxeláronse, son reivindicacións xustas que está negociando o persoal, que nosoutros apoiamos, pero que non creo que sexa o momento procedemental oportuno para presentar aquí, pero se se formula, pois tamén que conste a nosa opinión neste punto.

E máis nada, reiterar que é un incremento de nove millóns de pesetas, que imaxino estará xustificado por necesidades do servizo, e imaxino que a parte política da deputación arbitrará, con criterios de ecuanimidade e con xustiza, este incremento, e daráselle a aqueles funcionarios que realmente o necesitan, e que imaxino que para eles está destinado.

Máis nada e moitas grazas, Sr. presidente e desculpenme por pedir a palabra sen ter participado no debate.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Estou de acordo co Sr. Moreda.

VOTACIÓN

Votan a favor: 23 deputados (14 do PP e 9 do PSOE)
Votan en contra: 4 deputados (BNG)
Abstéñense: 2 deputados (1 do PSOE e 1 do PP por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presentes no intre da votación - art. 74.1 do Regulamento orgánico).

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar o incremento de 9.467.000.- ptas. na cantidade global asignada a complemento de produtividade ós funcionarios, que quedará establecida en 64.467.000.- ptas. para o conxunto do exercicio 2001.”

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIONS

Sr. presidente

Neste apartado hai unha moción presentada por esta Presidencia pola vía de urxencia, que é simplemente que a deputación asuma o papel de responsable administrativo financeiro na Asociación Neria, da cal é socia, para un Leader plus que ten en trámite esta asociación, e que a deputación no Leader II xa asumía a mesma responsabilidade, e nomear un funcionario cualificado para isto.

En primeiro lugar procede, eu creo que todos teñen no seu poder esta moción, procede votar a urxencia.

VOTACIÓN

Votan a favor: 23 deputados (14 do PP e 9 do PSOE)
Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 4 deputados (BNG)

(Entra o Sr. Quiñoy Taboada).

Sr. Rodríguez Doval

A nosa explicación é tamén a explicación de voto da abstención na votación da urxencia, claro, aquí cada un dálle a importancia ós temas segundo lle parece. Realmente o que

se nos está proponendo aquí a través dunha moción, que non vén acompañada de ningún expediente, que eu digo que existe, afirmo que seguramente existe, onde se contén o proxecto da Asociación Neria, anualidades, etc.,etc., que sería básico para que aquí funcionemos e non se nos pida declaracións de fe, claro, isto colócanos no debate que iniciaba o Sr. Varela antes de que parece que nosoutros puidesemos estar en contra do proxecto que quere tramitar a Asociación Neria. Ben, eu xa non vou discutir aí cada un que diga o que queira, a min paréceme que é apresurado este debate, que é un debate que vén con falta de datos, que o noso grupo quereda coñecer, ó Sr. Varela dálle a risa, a min non; a min non me dá a risa, vostede é capaz de votar as cousas que descoñece; eu non; ó mellor é que vostede as coñece, entón eu pido coñecelas, e queríalle pedir ó Sr. presidente que este debate quedara para unha comisión, coa urxencia que teña, e que se mire con toda a documentación que nos corresponde e que merecemos ter á hora, máis nada e nada menos, que de asumir o papel de responsable administrativo e financeiro dunha entidade que ten tramitada unha iniciativa Leader II. Iso é unha cousa seria, claro. Agora paréceme moi ben, vostedes como grupo teñen a maioría, a capacidade e a axilidade para facelo, pero entendan vostedes que nosoutros non coñecemos máis ca esta moción que se nos acaba de presentar aquí, e de actos de fe eu creo que xa está ben. A nosoutros gustaríanos discutir este tema para ter os datos, no punto anterior coñecemos os proxectos que se incorporaron no caso de Euroeume, pero aquí nin os coñecemos, entón, claro, dicir que si a unha cousa que un descoñece parece un pouquiño duro, sobre todo cando abre unha vía na cal, como estamos dicindo, participan algúns e non participan outros.

Polo tanto, permítasenos dicir que tan responsable é votar que si como absterse neste caso, xa non estou dicindo que sexa máis responsable unha cousa ca outra, porque eu mídome bastante nas miñas aseveracións e non acuso a ninguén; hai outros que si; eu non acusei a ninguén; eu podo dicir que que a min, isto aprobado desta maneira paréceme unha absoluta trapallada, e non o digo, e se consta nalgún sitio, que se retire; non o digo. Pero que non se diga que os demais non estamos apoiando iniciativas, mesmo neste caso en concreto cando se debía saber que moitas destas iniciativas naceron co sacrificio de moita xente que casualmente pertencía á nosa organización política, fíxese vostede, e que algunha delas está dando caña, e disto sabe moito o Sr. Moreda, que naquel momento era presidente da Deputación da Coruña cando se xestou a Asociación Neria, e que é o que está pasando agora coa Asociación Neria, que varía moito, etc., etc. Entón, eu non introduzo ese debate, pero gustaríame falalo, para votar que si a unha cousa que ten a súa transcendencia, ¿ou isto é unha declaración de fe ou un apoio ó traballo que está realizando?, ¿está traballando ben ou está traballando mal?, que voten a favor os que digan que están traballando... ¿verdade que non é iso o que votamos?, votamos outra cousa, entón eu necesito informes, documentación, e necesito tamén saber o proxecto, que eu normalmente voto as cousas cando teño os proxectos diante; senón, non voto.

Sr. Fernández Moreda

A verdade é que ás veces preocúpame a coincidencia que teño co grupo popular nesta deputación, pero non, non, quero explicar. É que estamos discutindo ás veces cuestións que non son ideolóxicas, que son puramente administrativas, de sentido común, e o que ten sentido común entendo que ten sentido común, dígao quen o diga, e creo ademais que gañamos credibilidade cando criticamos algo que entendemos que está mal e propoñemos alternativas, e dicimos “si, señor” a algo que entendemos que está ben, e é o comportamento que levo na deputación, no concello, e alí onde estea, cuestións ideolóxicas, fundamentais, de confrontación, de distintas visións, cada un defende a súa proposta, e é lexítimo, e debe dar a batalla; e cuestións que son puramente accidentais, de trámite, mecánicas, administrativas, se está resolto con sentido común, está resolto con sentido común, e non me doen prendas dicir: “señores, fixérono ben”, porque entre outras cousas iso darme a credibilidade necesaria para, cando teña que criticar, que saiba a xente que é unha crítica razoada e que é unha crítica fundamentada.

No tema da moción, non sei se desgraciadamente ou curiosamente, vou coincidir outra vez co grupo popular, é dicir, imos apoiar a moción, votamos a urxencia e imos apoiar a moción. Neria foi unha asociación creada pola deputación; Neria existe porque a deputación promoveuna, dinamizouna, e liderouna nunha parte da súa vida. E encontrámonos precisamente con esta moción, hoxe, agora, porque a propia Asociación Neria pide o auxilio da deputación e di: “lidéreme vostede de novo”, e ante iso eu dígolle que si, porque creo que os problemas que houbo na Asociación Neria foron debidos precisamente ó “abandono”, entre comillas, que por parte da deputación esta asociación sufriu. E esta asociación creouse, como dicía o Sr. Rodríguez Doval, dirixindo a deputación o grupo socialista, porque é a única comarca costeira -ou era naquel momento-, a única comarca costeira de Galicia que estaba sufrindo un fenómeno de despoboación. Mentres tódalas comarcas de Galicia gañaban poboación, polo efecto da despoboación do interior cara a costa, esta comarca era a única de Galicia que perdía poboación, e ante iso a deputación tomou unha iniciativa: imos crear unha asociación que agrupe concellos, asociacións, colectivos, partidos políticos, sindicatos, a todo aquel que teña algo que dicir e que queira traballar polo desenvolvemento e o futuro desa comarca. E foi difícil, foi difícil porque o primeiro programa ó que se vinculou esta asociación foi un programa que foi denegado pola Xunta de Galicia, a pesar de que cumpría con tódolos requisitos, e mellor que outras asociacións que pediron subvencións, ou pediron o informe favorable para o Ministerio de Economía para negociar en Bruxelas, que tiveran ese informe favorable, e ninguén tivo un informe desfavorable, e eu persoalmente me entrevistei co entón conselleiro de Agricultura, explicando o que era Neria, o que se presentara, tivemos boas palabras, e o informe foi negativo. E isto quero dicilo para destacar a ausencia de protagonismo que está tendo a deputación nesta etapa. Naquel momento a Xunta de Galicia dixo non; nosoutros estabamos aquí, estabamos no goberno da nación, e fomos falar cos responsables do goberno da nación, e formulámoslle o que queríamos, e entenderon o proceso, entenderon o problema, e buscaron o financiamento, e Neria entrou no programa Leader.

Hai un ano e pico nosoutros presentamos unha moción neste pleno dicindo que era a única, paréceme, xunto con dúas deputacións máis de España, que non participaba en programas da Unión Europea, e reivindicabamos un papel máis activo desta deputación nesas cuestións. Froito disto foi a edición dunha guía, foi unha visita a Bruxelas, froito diso foi un inicio dun camiño desta deputación, e froito diso foi -¿por que non dicilo?-, é a aprobación de 24 millóns hoxe para a Asociación Euroeume. Por iso votamos que si. Porque compartimos o que di o primeiro punto de apoio da acción de desenvolvemento dos proxectos no cadro das liñas de axuda da Unión Europea, que é unha acción prioritaria desta deputación. E entendemos que co voto a favor desta moción estamos respondendo a unha petición de axuda da Asociación Neria, que lle pide á deputación que se implique de novo na vida da asociación, e que lidere a asociación. Isto é un compromiso para a deputación; é un compromiso moi forte, porque se implica directamente no éxito ou o fracaso desta asociación, pero eu entendo que a garantía do éxito de Neria vai ser proveniente dunha maior presenza da deputación dentro disto.

E entendemos, pola experiencia que ó longo de Neria, que eu coñezo a vida de Neria, tivo altibaixos, entendemos que é bo que a deputación dinamice de novo esta asociación para conseguir un maior desenvolvemento económico e social da zona dos municipios que compoñen a Asociación Neria, e que lidere os proxectos que Neria no futuro poida presentar.

E á parte diso, sigo dicindo como dixemos hai ano e medio neste pleno, que a deputación debe de fomentar a agrupación de municipios, a participación de municipios en programas europeos, e se é necesario, debe lideralos, porque é a única fonte de financiamento que temos. Os concellos teñen unha capacidade recadatoria escasa, os impostos municipais que os concellos teñen non poden subilos máis, e a capacidade de recadación está moi limitada; as transferencias do estado, houbo nos anos 83, 84, 85, 86 incrementos brutais das transferencias correntes ás Administracións locais, pero iso pasouse, van no futuro a evolucionar en función do índice do custo da vida, co cal os concellos, que cada vez están atendendo máis servizos, atendendo a peticións dos cidadáns, que lles reivindicán os seus dirixentes locais que lles dean servizos, que lles dean calidade de vida, e que se ven imposibilitados para atender estas reivindicacións, os concellos a única vía que teñen, clara e determinante, é vincularse ós proxectos da Unión Europea. E nese sentido que a deputación estea, non para ir detrás, respondendo a peticións de axuda, senón para ir adiante, abrindo camiño dinamizando, todas esas posicións o grupo socialista vainas defender e vainas aprobar.

Polo tanto, votamos que si á urxencia, e votamos que si á urxencia, que se podería facer dentro de quince días ou un mes, pero votamos que si á urxencia porque isto responde a unha petición de Neria, que entendemos que é urxente atender e votamos, ou imos votar que si á moción porque entedemos que a deputación debe implicarse máis, e así como foi o motor do nacemento de Neria e o motor de Neria agora e no futuro.

Sr. Varela Rey

Mostrar o acordo e compartir as posicións e posturas do voceiro do PSOE, e mostrar a discrepancia total co voceiro do BNG. Dá a impresión de que ó voceiro do BNG lle afecta moito a posición de que teña que votar en contra, vote en contra, vote a favor, abstéñase ou vote o que lle pareza, pero en todo caso o que teñen é que asumir o voto que manifestan, ¿eh?. Si di que descoñece Neria a verdade é que é preocupante, ou se descoñece o proxecto de Neria, ou se descoñece a traxectoria, eu creo que é preocupante, ¿que entende que teña que ter tódolos documentos, proxectos e non sei que, non sei canto, e que vostedes non están por formalizar ningunha profesión de fe?, pois ben, é unha manifestación, unha maneira de ver as cousas. Nosoutros non desconfiamos de Neria, nin de quen forma Neria, nin de que hai xente con responsabilidade, e o que se trae aquí é designar a un funcionario desta casa para exercer as funcións de responsable administrativo e financeiro. Pois o grupo popular, o grupo de goberno nesta deputación, tampouco necesita que lle poñan todo encima porque non temos un carácter intervencionista, porque nosoutros non queremos estar manexando todo, porque nosoutros cremos na autonomía de Neria, dos axentes de Neria, da xente que conforma Neria, e alegrámonos moito ademais de que fagan un labor magnífico, pero ben, eu teño que dicir desde aquí que non entendo as posicións do Bloque porque é así, porque permanentemente é “non a isto”, “non a aquilo”, xustifican que descoñecen, pero iso é un problema que en todo caso o BNG terá que clarificar e terá que dicir. Nosoutros si cremos na autonomía de Neria, nosoutros si cremos na responsabilidade, e nosoutros si cremos que hai que lle dar o apoio urxente, e o apoio para liderar ese proxecto, como ben dicía o voceiro do PSOE.

Sr. voceiro do BNG, vostedes, igual có goberno, igual có Partido Popular, votan o que lles parece, ¿vostedes entenden que non é urxente? pois non voten a urxencia; ¿vostedes entenden que non deben apoiar o proxecto de Euroeume? pois tampouco o apioen; pero en todo caso outros si cremos e temos moi claro por que debemos apoiar iso; ¿vostedes non teñen que ter unha profesión de fe para saber o que está facendo Neria? pois nosoutros si temos confianza no que están facendo. É que a min dáme a impresión de que vostedes desconfían de todo o mundo, teñen unha desconfianza permanente, eu manifesteilles moitísimas veces que me dá a impresión de que o BNG ten unha imaxe permanente en negro do que é a realidade, do que é a situación deste país, do que son as xentes, e do que son as institucións, e nosoutros non compartimos esa situación negativa, esa visión en negro, nosoutros temos unha visión, desde logo, moito máis optimista do que é a sociedade galega e do que son as institucións, eu creo que iso ó final é o fondo da cuestión, ¿eh? E perdóeme, se sorrín nalgún intre nunca é por desacreditar absolutamente a ninguén, que merece todo o respecto calquera posición, pero en todo caso o que respecte calquera posición non quere dicir que en ningún momento a comparta. Moitas grazas.

Sr. Rodríguez Doval

De todo corazón, Sr. Varela, pase a páxina do manual de campaña, pase a páxina, a visión en negro do país e a política dos do non..., pase a páxina porque pode que atonemos os que estamos aquí dentro, pero a xente que está fora está bastante espelida, esquézase diso, non hai visión en negro; hai deformación mal intencionada pola súa parte das miñas palabras, e queda, afortunadamente para nosoutros, esperemos que non se estropee o aparato, recollido en acta, e ademais gravado aí, e eu díxenlle que descoñecía os proxectos que forman parte do Leader Plus, ¿vostede coñéceos?, non, eu cando aprobo unha cousa, díxenlle, podo estar equivocado, pero non contei mentira, non dixen ningunha barbaridade, dixen: “eu necesitaría saber cáles son os proxectos, interésame saber cales son os proxectos”, ¿sabe por que me interesa saber cales son os proxectos? porque aquí non imos facer o que di vostede; vostede saltou o primeiro punto, e espero que fora por despiste, o primeiro punto da moción non dixen nomear un funcionario de carreira; di: “asumir o papel de responsable administrativo e financeiro do proxecto...” Non é designar un funcionario de carreira; é máis cá iso, que igual hai que facelo, seguramente hai que facelo, pero para nosoutros habería que facelo con toda a documentación encima da mesa, iso é a diferenza. E claro, nosoutros podemos dicilo, Sr. Varela, claro que coñecemos Neria, eu non dixen que non o coñecera, coñezoo, e sei, e podo ter a miña impresión, pero esa política de permanente dúbida e tal, pero ¿onde a ve vostede?, ¿onde ve esa política de permanente dúbida?, se eu non acabo de dicir que dubidara de Neria, díxenlle que ó noso grupo fáltanlle datos, ó mellor somos incapaces, fíxese vostede ó mellor o noso problema é que somos incapaces, fíxese vostede, ó mellor o noso problema é que somos incapaces de dicirle que si a un proxecto sen coñecelo, iso seguramente que se denomina incapacidade, pero o contrario non sei cómo se denomina, o de lle dicir ás cousas sen coñecelas que si, non sei como se denomina, pero tampouco en política debe de ser unha cousa moi racional, entenda vostede o que quero dicir, non lles estou chamando a vostedes irracionais, naturalmente.

Entón, teñamos un certo respecto polas posicións que mantén cadaquén e aquí hai ideas para tódolos gustos e formas de defendelas. Pero a min o que me fastidia é que dunha cousa que se di vostede faga o xuízo de valor, e volver a caer outra vez na mesma trampa, está vostede permanentemente coa roda dentada dando voltas sobre o mesmo centro, e o mesmo centro é demostrar que os do Bloque dicímoslle que non a todo, e resulta que no debate desta casa hoxe non sucedeu absolutamente nada diso do que vostede sacou a conclusión, e eu entendo que efectivamente vostede, en concreto, poida sacar esa conclusión, ata o entendo, pero non o comparto. Entón non transmita vostede algo aquí que nosoutros non dixemos, non dixemos que non coñeceramos Neria, nin que estiveramos en contra, nin nada; dixemos: “non coñecemos o proxecto obxecto do debate”, porque hai un proxecto, non é unha idea, hai un proxecto. E naturalmente, claro, Sr. Varela, que hai aquí efectivamente máis compromiso có de declarar a don Vicente Calvo del Castillo funcionario de Administración local como responsable deste tema, hai un compromiso previo que é unha decisión política importante que para nosoutros, ten que vir axustada a outro tipo de información. E é unha opinión tan sa, tan lóxica, como a dos demais, que non pode vostede utilizar para acusar aquí, pois en fin...,

termino como lle dixen: pase a páxina do manual de campaña porque se vai a esnafrar vostede, con este manual de campaña, de aquí ó día 21 vaise esnafrar.

Sr. Varela Rey

Gracias polos consellos de tódalas maneiras, eu non teño campaña, unicamente o que fago é responder a unhas posturas e posicións do Bloque. Home, é máis preocupante ademais se aínda por riba indica que o obxecto do que estamos aprobando hoxe non é nomear a un funcionario. O primeiro punto sinala a filosofía que debe ser desta deputación, a filosofía que explicaba perfectamente o voceiro do PSOE, de liderar, de estar á fronte, de asumir ese compromiso; outra cousa é que tampouco queiran asumir esa situación. Por iso eu sigo pensando, e sigo manifestando, e ó final os datos poden ser obxectivos, os apoios que hai e os apoios que non hai, é buscar, dalgunha maneira, escusas, ó mellor para non apoiar determinadas situacións. ¿Vostedes necesitan ter o proxecto, coñecelo, e quen o fixo, e que decisións se tomaron? Pois é posible. Nosoutros somos moito máis confiados ca todo iso, nosoutros confiamos, reitero, nas institucións, nas agrupacións, nos colectivos, e non só iso, senón que os felicitamos por todas esas iniciativas, e que conten con nosoutros. Respecto, total e absoluto, a calquera posición. O que ocorre é que un non pode tomar unha posición e dicir que está na outra, ¿non?

Polo tanto, a nosoutros, repito, énos suficiente, como grupo político nesta deputación provincial, a proposta que se fai hoxe para apoiala, pero ademais sen ningún tipo de escusa, igual ca moitas outras.

Eu reitero: non é un tema de campaña ou de non campaña; é un tema que non llo dixen hoxe tampouco ó voceiro do BNG, non é a primeira vez que o manifesto, porque eu creo permanentemente así, porque iso é o que están demostrando día a día, e senón, pode ser obxectivo mirar cada acta de plenos, cada acta de comisión, cál é a posición do BNG. Entón, nosoutros non compartimos esas posicións e á parte estamos a moita distancia de compartir situacións, porque hai cousas que vostedes votan que non, que se absteñen permanentemente, que nosoutros entendemos que hai que lle dar apoio, e mostralo e comprometerse coa situación e coa realidade da provincia, ¿vostedes non o fan?, respecto total e absoluto, pero esa é a realidade permanente ¿eh?, e que eu quero poñer de manifesto aquí nesta intervención.

Moitas gracias.

Sr. presidente

Cerrado o debate, eu simplemente dúas palabras. Primeiro direi que a urxencia deste tema é necesaria, porque xa teñen que nomear o responsable administrativo financeiro, o prazo

máis tarde paréceme que é o día 2 deste próximo mes de outubro, e polo tanto está motivada a urxencia deste tema.

Direille, Sr. Rodríguez Doval, o de que nosoutros, no punto 1 vostede facía fincapé, que asumimos o papel de responsable administrativo financeiro non quere máis que dicir unha cousa: que asumimos esa responsabilidade para que o control administrativo e financeiro dese programa vaia o mellor posible, estea controlado o mellor posible: non quere dicir que teñamos que achegar nosoutros diñeiro, e para iso nomeamos a un funcionario de carreira. Creo que vostede ía, parece ser, a intención, que esa responsabilidade era que tiveramos que achegar diñeiro, non, simplemente é asumir esa responsabilidade administrativa financeira, para que funcione o mellor posible, e para iso designamos unha persoa cualificada.

E direille que, desde logo, ademais como ben dixo o Sr. Fernández Moreda, somos socios desa Asociación Neria e debemos potenciar ó máximo esa zona deprimida nalgún momento, que está levantando cabeza, e para a súa información, si quere saber de que vai ese proxecto de Leader Plus, entre outras cousas, o máis importante é potenciar a ruta dos faros na Coste da Morte, que creo que é un tema importante e que merece o apoio de todos nosoutros.

VOTACIÓN

Votan a favor: 24 deputados (14 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

En consecuencia, apróbase a seguinte moción:

MOCIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE DESIGNACIÓN DE DON VICENTE CALVO DEL CASTILLO COMO RESPONSABLE ADMINISTRATIVO E FINANCEIRO DO PROXECTO PRESENTADO POLA ASOCIACIÓN NERIA.

1.-A Deputación Provincial da Coruña asume o papel de responsable administrativo e financeiro do proxecto presentado pola Asociación NERIA no cadro da Iniciativa Comunitaria Leader Plus á Axencia Galega de Desenvolvemento rural, organismo que xestiona na Comunidade Autónoma de Galicia a referida iniciativa comunitaria para o período 2000-2006.

2.-Designar a D. Vicente Calvo del Castillo, funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional, interventor de carreira, para exercer as funcións de responsable administrativo e financeiro (RAF) no cadro da Iniciativa Comunitaria Leader Plus consonte coas especificacións establecidas no anexo 7 da guía para a elaboración do programa de desenvolvemento rural que se ha confeccionar polas entidades que concorran á

convocatoria da iniciativa comunitaria Leader Plus no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.-Facultar á Presidencia da deputación para realizar as accións necesarias para executar o presente acordo.”

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. presidente

Hai unha pregunta da Sra. Margarida Vázquez tocante á construción dunha ponte no río Mandeo.

Sra. Vázquez Veras

Ben, teño tres preguntas xa presentadas por Rexistro.

Sr. presidente

Imos por orde, se lle parece.

Sra. Vázquez Veras

No Pleno do Concello de Irixoa pasou un proxecto, supostamente dos servizos técnicos da deputación, para construír unha ponte no lugar que se fixa de Portobo, entre os concellos de Irixoa e Coirós, unha ponte que é necesario para facilitar a accesibilidade entre os dous concellos, unha ponte que, efectivamente, une dúas vías locais. Entón, a pregunta era se vai incluír esta obra nalgún plan de obras e servizos da deputación, e se se teñen algúns prazos previstos para a inclusión e para a execución.

Sr. presidente

Contéstolle rápido e clarisimamente porque a contestación que lle vou dar non necesita máis explicacións. Primeiro dírelle que non hai ningún estudo nin proxecto por parte desta deputación porque esa ponte non afecta a ningunha estrada provincial, non imos facer ningunha actuación nesa ponte.

A seguinte pregunta é en relación ó arranxo do estadio de atletismo do INEF.

Sra. Vázquez Veras

A seguinte pregunta vén motivada porque, fundamentalmente nos últimos meses hai moitas voces que se alzan en contra da situación en que se está desenvolvendo, ou se ten que desenvolver, a práctica desta modalidade deportiva por falta de instalacións, e en concreto sae á palestra o lamentable estado en que están as pistas do estadio de atletismo do INEF, demandándose que a deputación faga un arranxo. A maiores disto, no ano 1999 o Sr. Lendoiro, que entón era presidente da deputación, comprometeuse a implementar no plan de cooperación, entre a Secretaría Xeral para o deporte e esta mesma deputación, dos anos 1997-2001, un proxecto de mellora e de construción de servizos mínimos que se precisan para a práctica neste estadio de atletismo cun ozamento de 250.000.000 de pesetas que, ata o momento, canto menos que nosoutros saibamos, non aparece por ningures.

Entón, as preguntas veñen dadas por estas dúas situacións, é dicir, se a deputación fixo algún tipo de actuación, ou ten previsto facer algún tipo de actuación para facer o mantemento e a conservación das pistas do estadio de atletismo, e se pensa implementar o proxecto que anunciou no ano 99 para facer as obras no mesmo estadio.

Sr. presidente

É ben certo que no último -que está finalizando-, convenio entre a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia e esta deputación prevíase esta obra, igual ca outra en Cerceda, como un anexo, agardando que houbera as baixas suficientes para abordalas. O que teño que dicir é que esas baixas non se produciron, e polo tanto quedaron sen facer, e son o que di vostede, o estadio de atletismo en Bastiagueiro do INEF, por un importe de reforma de 250.000.000 de pesetas, e en Cerceda o centro náutico deportivo de remo e piragüismo, por 30.000.000 de pesetas. O que lle podo dicir é que no vindeiro convenio, que en breve faremos, coa Xunta de Galicia, e volvo a repetir, concretamente coa Secretaría Xeral para o deporte, serán contempladas esas dúas obras.

Sra. Vázquez Veras

¿E tocante ó mantemento?

Sr. presidente

O que teño aquí simplemente é a reforma do estadio, do mantemento eu creo que non había nada nese convenio coa Secretaría Xeral para o deporte, había reformas para facer nese estadio do INEF, que ese é o compromiso que imos adquirir no vindeiro convenio.

Sra. Vázquez Veras

O tema do mantemento é que, canto menos, en determinados organismos se fala de que as pistas son propiedade desta deputación provincial, e que non se fixo ningún tipo de medida de mantemento e conservación neste momento están impracticables, é dicir, ningún atleta, ningún alumno do Inef poden utilizalas polas rúas están levantadas, non hai ningún tipo de servizo, etc. Entón, a pregunta tamén ía por aí, se se pensa facer o mantemento das pistas.

Sr. presidente

Por suposto, se imos facer unha actuación importante aí, haberá que estudar quen leva ese mantemento, non que se deteriore, eu neste intre non teño informe ningún dese mantemento, pero no futuro, con ese investimento forte que se faga, que creo que non é pequena con 250.000.000 de pesetas, pois por suposto si facemos unha cousa é para mantelo no mellor estado posible para uso e goce de tódolos atletas que practiquen aí.

A seguinte pregunta é súa tamén, sobre as obras na pista polideportiva no colexio Vales Villamarín de Betanzos.

Sra. Vázquez Veras

Esta pregunta vén dada porque se iniciaron as obras na pista polideportiva do Colexio Vales Villamarín, que están sen terminar, e no pleno do 27 de abril deste ano aprobouse un reformado, por seis millóns e algo máis de pesetas, que non sabemos porque están sen executar, de feito empezaron as clases o 13 de setembro, e o colectivo escolar encontrouse con que non se poden utilizar aínda as pistas porque non están terminadas as obras. Entón, era saber as razóns polas que non se acometeron as obras que foron aprobadas no reformado do 27 de abril, e se se ten previsto algún prazo para executalas.

Sr. presidente

Eu creo que hai un pouco de falta de información pola parte deste proxecto ou deste expediente. Aí podemos entender que neste polideportivo hai dúas fases, hai unha primeira fase que tivo ese modificado, que alcanzou un orzamento total de 42 millóns de pesetas, do que a primeira fase está a punto de terminar, eu creo que nun prazo breve, de quince ou vinte días, ou neste mes que vén, terminarase. Pero a isto aínda lle falta unha segunda fase, ou sexa, que terminándose esa primeira fase aínda non queda listo o polideportivo para que poidan os nenos facer uso del. Falta unha segunda fase que ten un orzamento aproximado de 30 millóns de pesetas, onde irá o cerramento, onde irán as bancadas, os servizos, os vestiarios, etc., etc. Polo tanto, quérolle dicir que, independentemente dese modificado que fala vostede, que é para terminar a primeira fase, fáltalle unha segunda fase.

E téñolle que dicir que esta deputación está en contacto pleno co goberno local do Concello de Betanzos, e en concreto co Sr. alcalde, para abordar canto antes esta segunda fase e que poidan os muchachos e muchachas facer uso del.

Sra. Vázquez Veras

Aproveitar para lle comentar que, efectivamente, o orzado da primeira fase está sen terminar, que era o que se preguntaba, e foi información dos servizos técnicos de plans, quero dicir que eu me refería ó reformado aprobado por este Pleno no 27 de abril, sei que hai unha segunda fase que efectivamente tense que buscar o financiamento e terá que entrar noutro plan.

Ben, o rogo é o seguinte: como grupo provincial, asinado por min, como viceportavoz, nosoutros dirixímonos á Presidencia da Deputación para solicitar unha serie de información por escrito sobre distintos temas que, por delegación de competencias na Presidencia, como deputados non temos acceso.

En concreto, o primeiro refírese a un escrito do 17 de xullo onde se falaba de que se nos dera unha copia duns plans sobre a mellora e seguridade vial dunha estrada, en segundo lugar un escrito do 23 de xullo, onde solicitabamos a relación de subvencións da deputación no concello de Cedeira do ano 1999; e un terceiro escrito, do 6 de setembro, onde pediamos a listaxe das cantidades que se asignaron a cada concello da provincia do Plan de turismo da natureza. Como non tivemos ningunha resposta, o 17 deste mesmo mes volvemos a reiterar a petición desta información, e polo tanto quería solicitarlle á Presidencia que se nos faga remisión destas peticións, porque evidentemente, como comprenderá, son temas ós que nosoutros non temos acceso directo e queriamos ter acceso a esa información.

Sr. presidente

Non se preocupe que mirarei eses temas para que lles chegue a información oportuna para desenvolver o seu traballo como deputada.

E insistirle no do polideportivo de Betanzos, que esa primeira fase, con ese modificado, está adxudicado, e repetirle que en quince ou vinte días está terminado, con respecto á primeira fase, e coa segunda fase, pois o que lle dixen. De todas formas, pódolle dicir que o goberno local, o Sr. alcalde-presidente de Betanzos é este presidente estamos en contacto completo para terminar ese polideportivo o antes posible.

Teño unha contestación para o Sr. Porto tocante ó polideportivo de Camariñas, pero é bastante longa e dareille a vostede o expediente sobre o polideportivo.

Ó non haber máis asuntos dos que tratar, remata a sesión sendo as trece horas e trinta minutos, redactándose a presente acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.